

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

do 26 de novembro de 2015

ACTA Nº 16/2015

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte e unha horas do día vinte e seis de novembro do ano dous mil quince, réunese o Pleno da corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D^a María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D^a Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D^a Caridad González Cerviño

D^a Sandra Maneiro Pais

D. Enrique Riomayor Caamaño

D. Manuel Bartolomé Freire Eiras

D. Manuel María García Fernández

D^a Paula Simal Mayo

Secretario: D. Luís Alberto Gil García

ORDE DO DÍA

A.-.- Parte Dispositiva.

- 1.- APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (29.10.2015).
- 2.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IBI.
- 3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IBI.
- 4.- MODIFICACIÓN DO HORARIO DOS PLENOS ORDINARIOS.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

6.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

B .-Parte de control dos órganos de goberno.

7.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

A.- .- Parte Dispositiva.

A Sra. alcaldesa toma a palabra para dar inicio á sesión plenaria

1 .- APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (29.10.2015).

A Sra. alcaldesa di que a acta da sesión anterior é a do 29 de outubro pero que había outra acta pendente, a do 24 de agosto, e que xa que está o secretario, poden aproveitar para sometela á votación.

Responde a Sra. González que non está na orde do día. Que haberá que metela por urxencia, que están de acordo en que se aprobe canto antes, pero que non a trouxo.

A Sra. alcaldesa pregunta ao secretario da corporación se hai algún problema en introducila por urxencia e este responde que non, polo que pregunta a Sra. alcaldesa aos grupos se teñen copia. A portavoz do Grupo Popular di que non teñen copia da acta mentres que a portavoz do Grupo Socialista di que si.

A Sra. Monteagudo, portavoz do Grupo Popular, pregunta se non había que facer unhas emendas, corrixir unhas cousas. Que eles queren ler as modificacións máis polo miúdo.

Por tanto queda pendente de aprobación para o seguinte pleno ordinario a acta do 24 de agosto de 2015.

En canto á acta do 29 de outubro de 2015, a Sra. Monteagudo di que quere matizar un punto, no apartado de rogos e preguntas, na súa primeira intervención, quere que conste na acta que a Sra. alcaldesa dixo que as gravacións eran propiedade do Concello e que por tanto estaban baixo a custodia do Concello.

A Sra. alcaldesa di que están co problema de sempre, que non está presente o secretario desa sesión.

A voceira da Grupo Popular insiste en que a pregunta feita polo seu grupo sobre a novidade de gravar os plenos e de quen é a propiedade da gravación, consta a resposta á primeira pregunta, pero non á segunda.

A Sra. González di que aínda que non estea o secretario, si o recordan as persoas presentes e pregunta se ela non se lembra.

Responde a Sra. alcaldesa que na acta non se pon o que ela quere, que a acta é o documento polo que o secretario dá fe. Que é el quen redacta a acta e a corporación di se está de acordo ou non.

A Sra. Monteagudo pide que comproben as gravacións, que para iso se gravan, e se é como ela di, pide que se inclúa.

A Sra. González di que o secretario dá fe do que pasa e non do que cre conveniente e explica co que non está de acordo na acta: No punto de “mocións de urxencia”, que o seu grupo presentou dúas, na primeira, sobre os orzamentos da Xunta de Galicia, non consta que a Sra. alcaldesa se comprometeu a incluír este punto na orde do día do seguinte pleno e non se trouxo (minuto 15,15 da gravación). E en canto á segunda moción sobre a Resolución de Portos de usos portuarios, non entenden o qué se pon na acta sobre a votación.

Continúa dicindo que no apartado de “Rogos e preguntas” cando a Sra. alcaldesa fala sobre o calendario da Policía Local, non se recolle que di que de luns a xoves non hai policía de noite (minuto 1.13.48 da gravación). Pide que se inclúa.

Pregunta a Sra. alcaldesa ao voceiro do BNG se ten algo que dicir e contesta que non.

A acta queda enriba da mesa pendente de aprobación no seguinte pleno.

2.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IBI.

A Sra. alcaldesa empeza a súa intervención dicindo que traen a proposta de modificación da ordenanza neses termos, de xeito que ben a través da ordenanza do IBI ou ben a través doutros instrumentos ou ordenanzas necesarias para poder levar a cabo o que está recollido na proposta, modificarase o IBI.

A Sra. alcaldesa explica a proposta, que sería reducir o IBI ao 0,4 e 0,3, pero en varios anos:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA:

No pleno celebrado o 27/06/2013 adoptouse a modificación do artigo 8 da ordenanza fiscal reguladora do IBI, incrementando a cota do imposto ata o 0,6%, no caso dos bens inmobles de natureza rústica, e mantendo no 0,6% o dos bens de natureza urbana e no 1,3% o dos bens de características especiais.

Art.8. Tipo de gravame e cota

O tipo de gravame será:

- IMPOSTO SOBRE BENS IMMOBLES.

- I.B.I. De Natureza Urbana. Tipo Impositivo: 0.60 %.

- IMPOSTO SOBRE BENS IMMOBLES de natureza rústica.

- I.B.I. De Natureza Rústica Tipo Impositivo: 0,60 %

Coefficiente para a obtención do valor base usado para a redución da base imponible, aplicable ás construcións situadas en solo rústico ... 0,7

- IMPOSTO SOBRE BENS IMMOBLES de características especiais.

- I.B.I. Inmobles Especiais. Tipo Impositivo: 1,30 %.

Dito acordo, confirma o tipo fixado polo RDL 20/2011

Ata o ano 2022, os valores de cálculo sobre os que se liquida o imposto, veranse incrementados nun 10% anual, calculado sobre a diferenza entre o valor catastral no 2012 e o novo valor catastral calculado.

IBI URBANA

ANO	VALOR CATASTRAL	BASE LIQUIDABLE	COTA	TIPO
2015	296.875.937,03 €	207.088.077,36 €	1.242.528,26 €	0,60%
2016	296.875.937,03 €	217.442.481,23 €	1.304.654,67 €	0,60%
2017	296.875.937,03 €	228.314.605,29 €	1.369.887,63 €	0,60%
2018	296.875.937,03 €	239.730.335,55 €	1.438.382,01 €	0,60%

IBI RÚSTICA

ANO	VALOR CATASTRAL	BASE LIQUIDABLE	COTA	TIPO
2014	27.422.549,32 €	20.869.356,67 €	125.216,14 €	0,60%
2015	27.422.549,32 €	21.912.824,50 €	131.476,95 €	0,60%
2016	27.422.549,32 €	23.008.465,73 €	138.050,79 €	0,60%
2017	27.422.549,32 €	24.158.889,01 €	144.953,33 €	0,60%
2018	27.422.549,32 €	25.366.833,46 €	152.201,00 €	0,60%

Polo antes exposto, a Alcaldía propón ao Pleno da corporación a adopción dun acordo que supoña unha baixada gradual do tipo, para os anos 2016, 2017 e 2018 cos seguintes datos:

IBI URBANA

ANO	VALOR CATASTRAL	BASE LIQUIDABLE	COTA	TIPO
2015	296.875.937,03 €			
2016	296.875.937,03 €	217.442.481,23 €	1.239.422,14 €	0,55%
2017	296.875.937,03 €	228.314.605,29 €	1.232.898,87 €	0,50%
2018	296.875.937,03 €	239.730.335,55 €	1.222.624,71 €	0,45%

IBI RÚSTICA

ANO	VALOR CATASTRAL	BASE LIQUIDABLE	COTA	TIPO
2014	27.422.549,32 €			
2015	27.422.549,32 €			
2016	27.422.549,32 €	23.008.465,73 €	126.546,56 €	0,55%
2017	27.422.549,32 €	24.158.889,01 €	120.794,45 €	0,50%
2018	27.422.549,32 €	25.366.833,46 €	114.150,75 €	0,45%

E a partir do 2019 quedará no 0,4% a urbana e no 0,3% a rústica.

Establécese a posibilidade de bonificación segundo se describe a continuación:

1.- Por familia numerosa:

Menor ou igual a unha vez o IPREM o 90%.

Menor ou igual dúas veces o IPREM o 60%.

Menor ou igual a tres veces o IPREM o 30%.

2.- Bonificación vivendas habituais:

O 25% da cota.

3.- Bonificación por rendas básicas.

25% da cota, para rendas inferiores a 9.080,40 € anuais per cápita e patrimonio inferior a 50.000,00 €.

Estas bonificacións non serían acumulativas. E precisarán solicitude previa.

Isto supón unha mingua na recadación deste imposto, no caso do tipo que afecta a bens de natureza urbana de 311.291,59 €, e no caso de bens de natureza rústica de 32.939,08 €, que desagregadas anualmente, e en conxunto, suman os seguintes importes:

ANO	IMPORTE A COMPENSAR
2016	51.525,00 €
2017	111.637,73 €
2018	181.067,95 €

Ditas minguas na recadación serán cubertos con outras taxas ou impostos, e recortes de gasto nas seguintes partidas presupostarias:

Eliminación da partida presupostaria destinada a asesores, tanto xurídico, coma urbanístico, que viña supoñendo un gasto anual de máis de 100.000,00 €.

Revisión doutros impostos e taxas, como por exemplo o saneamento, para que os tributos sexan máis equitativos.”

A Sra. alcaldesa di que tiñan o compromiso de baixar o IBI pero queren cumprilo de xeito responsable, de xeito que non teñan que tocar o gasto social e que se poida facer un mínimo de obras. Coas recomendacións de Intervención e despois de ver os números do Concello, chegaron á conclusión de que a maneira máis responsable de baixar o IBI é a que presentan na proposta.

Primeira rolda de intervencións:

A Sra. Monteagudo di que xa manifestaron na comisión informativa que a súa proposta se presentou primeiro, polo que debería tratarse primeiro. Que presentaron a súa moción o 16 de novembro, por unha cuestión importante. Que hai unha cuestión que lle chama moito a atención que é que a intención real do goberno de baixar o IBI non é certa porque nos informes da Secretaría e Intervención vén claramente que a súa modificación debería estar exposta ao público durante 30 días hábiles e aínda que se aprobase hoxe e se publicara no seguinte boletín, o 30 de novembro, tería que estar exposta ata o 7 de xaneiro. Polo que non sabe se é unha mostra de incompetencia ou que en realidade non hai unha verdadeira vontade de modificar o IBI. Que resulta curioso que cando legalmente non se podía baixar este imposto o reclamaran reiteradamente por parte de CxG, e agora que se pode, non se faga. Que é evidente que o prazo é claramente insuficiente para que entre en vigor o 1 de xaneiro de 2016. Que o último día para facer un Pleno, e que dera tempo, era o 24 deste mes e que por iso presentaron a súa moción o 16. Que tanto na proposta presentada na comisión informativa coma nesta, que non é exactamente a mesma, ponse de manifesto que a intención de baixar o IBI non é certa porque os prazos hai que cumprilos, polo que non entenden moi ben a que se debe este mareo.

Continúa a súa intervención dicindo que lles gustaría saber o motivo polo que se bonifica por baremo a un dos colectivos unicamente, que non entenden a razón. E que

non lles parece de recibo que se pretenda subir impostos municipais, que xa se subiron todos no plan de axuste, para paliar a baixada do IBI.

A Sra. González di que van facer un pouco de historia e van facer un estudo, que como non se fixo por parte do grupo de goberno, de cómo están os orzamentos, que deberían estar hoxe encima da mesa, de cómo está o plan de axuste que non sabe se o miraron sequera, á vista da proposta que a pesar que din que ten moitos números, lle parece que ten pouquísimos.

Segue coa súa intervención explicando que a primeira vez que pediu a rebaixa do IBI, sabía, por activa e por pasiva, que estaba fóra de prazo, tal e como dicía un informe de Secretaría e do asesor xurídico, pero iso non impediu que fixeran 50 reunións polas tabernas, totalmente populistas e sen ningún fundamento. E volven a traer unha proposta que non ten fundamento e o día da comisión informativa falaban, tanto a Sra. alcaldesa como o concelleiro de Facenda que había que cambiala. Di que claro que había que cambiala, que había que facer un estudo como Deus manda pero que a presentaron a prása e correndo porque o Partido Popular presentou unha moción. De non ser así non a presentaría porque ao interventor lle pareceu un disparate e máis sen datos. Que para cumprir unha promesa electoral presentan unha proposta sen fundamento, sen ningún estudo e sen unha referencia aos números actuais do Concello de Muros e cun informe negativo de Intervención.

Continúa a Sra. González dicindo que a actual proposta da Sra. alcaldesa é baixalo en varios anos, cando estaba na oposición quería baixalo ao 0,4%, nas reunións polas tabernas

A Sra. González explica cómo están os orzamentos do ano 2015 e conclúe que ao baixarse o IBI a un 0,55% , no ano 2016, o Concello perdería seiscentos oitenta e cinco mil catrocentos vinte e nove euros, con sesenta e catro céntimos.

Explica que eles tiñan uns orzamentos cadrados, con informes favorables e cumprindo a lei de estabilidade orzamentaria, aprobados en xaneiro de 2015, e que por certo ningún dos grupos estaba presente para votalos. Que cumpriron cos compromisos adquiridos no plan de axuste, que eles tamén o aprobaron pero que agora se esqueceron de que existe e que pode ser moi perigoso porque o préstamo ICO está en vigor e o Goberno Central pode pedir explicacións. Que ese plan de axuste incluía a rebaixa dos soldos dos/as concelleiros/as un 15%, que eles o cumpriron, pero non a nova corporación. Incremento dos ingresos por recadación de IBI, segundo o decreto do Goberno 20/11, que tamén cumpriron.

Segue dicindo que despois viñan máis cousas, máis complicadas e explica como empezaron a cumprilo. Que lles pareceu máis xusto para todo o mundo o incremento do IBI e a rebaixa dos soldos dos/as concelleiros/as. Que as condicións do plan de axuste foron condicións que o goberno central impuxo ao acollerse o Concello ao ICO e que lle facía moita falta a Muros porque se saía dun goberno do BNG-PP no cal había unha saldo negativo de un millón de euros que recaía nos provedores do noso concello. Que había que pagar aos provedores e que por iso aprobaron o plan de axuste. Que os provedores estaban asfixiados pola política financeira do experimento BNG - PP, que estaban en tránsito. Pese a que cando se presentou o orzamento do que estamos a falar non se presentaron no pleno, logo celebraron sesións plenarias polos bares.

A baixada do IBI é unha intención de cumprir unha promesa electoral, pero está fora de prazo, e ademais hai que interpoñer os intereses xerais aos intereses persoais. Tamén debería cumprir que non ían cobrar máis de catro mil euros as persoas compoñentes do Goberno e non o está cumprindo.

Que lle deron voltas á proposta e os números non saen de ningún lado. Non coincide coa realidade, non teñen en conta para nada como repercutirán no próximo orzamento municipal, non se fixo ningún cálculo, que non leron os orzamentos pois de non ser así que estarían encima da mesa. Que hai un informe negativo de Intervención. Que hai unha proposta sen cálculo, sen o Sr. interventor para aclarar dúbidas e supoñen que a non invitación do interventor é un exemplo claro da transparencia de CxG. Que lles gustaría que lle dixeran para a segunda intervención as súas dúbidas, descadre dos orzamentos 2016, se se prevén ingresos superiores e de onde, cómo quedarían de ingresar, cómo quedaría o capítulo de obrigas pendentes, avance da liquidación do 2015, dato imprescindible para calcular o orzamento 2016, se vai haber remanente positivo ou negativo, tendo en conta a súa proposta.

Di que no caso que se aprobe a proposta, queren saber todos os datos antes mencionados.

O Sr. García do BNG explica que a súa posición é un pouco acorde coa moción presentada polo Grupo Popular, de axustar o IBI ao 0,4 e 0,3% canto antes. Que tamén entenden que facelo da maneira que presenta o goberno poden ser dous males menores, pero para defender a proposta do goberno hai que facer un acto de fe porque falta información. Non se sabe como se vai compensar a perda de ingresos, que quizais debería engadir un plan de axuste fundamentado para compensar os datos. Que sería difícil apoiar esa proposta.

Na segunda rolda de intervencións:

A voceira do Grupo Popular di que o informe do Sr. interventor non é favorable, non porque haxa un descadre importante para o Concello senón porque non se fai referencia na proposta do goberno de onde van saír os ingresos ou onde se van reducir os gastos.

Tamén di que é verdade que existe un plan de axuste, que é certo que nese plan de axuste, o que se facía co incremento do IBI, segundo o informe de Intervención, que o incremento do IBI era completamente desproporcionado respecto do crédito que había que cubrir, que só co aumento dos valores catastrais se cubría o custo do préstamo ICO e aproveitouse a ocasión para subir o IBI. Que eles insisten, que é certo que un puntinho e pouco para a cidadanía e moito para o Concello, segundo dicía a portavoz socialista, pero tamén é certo que o que o Concello perde, e gana a cidadanía e que o Concello terá que facer un esforzo de axuste de gasto para poder rebaixar o IBI ao 0,4. Que é o compromiso que adquiriron na campaña e que estiveron longo tempo pelexando por el.

A voceira do Grupo Socialista le o informe de Intervención sobre o Plan de axuste porque lle parece moi importante e explica que o goberno do PSOE executou a parte do plan de axuste que lle pareceu máis oportuno e xusto porque había cousas máis delicadas que non quixeron tocar. Que optaron polo que lles pareceu máis positivo. E que o defenden aquí. Que cren que este é un momento delicado porque se acaba o 2015 e se acaba a vixencia do orzamento que deixaron aprobado. Polo que cren que entre todos e todas teñen que velar porque no ano 2016 haxa un orzamento adecuado para sufragar as necesidades primordiais do Concello.

Continúa explicando o estudo que fixeron: partimos dun orzamento cun 60 % comprometido (soldos, Seguridade Social, luz, mantemento de edificios, etc). Ano a ano estas partidas hai que contar con elas de maneira practicamente fixa.

Segue coa súa explicación dicindo que a subida máis significativa é a das retribucións dos órganos de goberno pois no orzamento anterior eran 72.812,12 euros e para o próximo chega a 80.000. Di que a Sra. alcaldesa non di nada disto pero si di que vai

aforrar 100.000 de asesoría, sen saber de qué partidas está falando, que está mentindo. Que hai dúas partidas da oficina urbanística e que ditas partidas ascenden a 64.977 euros.

Con respecto aos ingresos di que terán que fixarse nas achegas das distintas administracións e que todos e todas saben que hai recortes orzamentarios e que tamén fixeron un estudo dos orzamentos anteriores para facer a comparativa, que non poden comparalos cos deste ano xa que non están feitos.

Expresa o seu desexo de que os vindeiros orzamentos sexan mellores que os anteriores pero explica as diferenzas que houbo nos ingresos da Xunta e do Estado nas diferentes partidas. E que esperan que a Deputación manteña as súas achegas. A diferenza polos recortes entre este ano e o anterior é de 7.776757,55 euros.

Continúa a Sra. González dicindo que existe unha partida nos orzamentos que recolle a débeda que Espina&Delfín mantén co Concello en concepto de canon. Que tanto o seu partido como a interventora o incluíron nos orzamentos co fin de que, ou ben se fixera un plan de pagamentos ou se presentara un reclamación. Que todo apuntaba que as negociacións ían por bo camiño, negociacións nas que tamén estaba o Concello de Carnota.

A Sra. alcaldesa pídelle que remate.

Continúa a súa intervención dicindo que teñen feito un estudo financeiro da débeda da empresa concesionaria coa mancomunidade, que desde a sinatura do contrato ata o ano 2014 hai unha diferenza de canon de 2.026.285.62 euros a repartir entre os dous concellos e que está a documentación no Concello, así como o informe de Intervención recomendando a reclamación da débeda. Que o PSOE xa tiña iniciadas as conversas pero o goberno non fixo nada ao respecto.

Que ata o 2016 estaba prohibido a modificación das cotas do IBI, tal como recoñecen todos os grupos representados no Pleno. E que esta decisión debe ser debidamente estudada con números enriba da mesa e que non pode ser baseada non mero capricho dun grupo de goberno que descoñece totalmente o resultado desa decisión sen ningún fundamento documental nin numérico.

Segue a súa intervención dicindo que a proposta do grupo de goberno, cun informe de intervención negativo, pode levar ao Concello a un déficit e desequilibrio económico. Que si se ten en conta que no peche da última conta, pendente de aprobación e que xa terá que ser nun pleno extraordinario, o informe de Intervención fala da importancia de conter o gasto debido ao axustado de ingresos e gastos e ao remanente de tesourería que o Concello vai arrastrando desde hai máis de dez anos e da posibilidade de ter que acudir a un plan financeiro.

Para rematar pregunta se non se lle ocorre ao grupo de goberno que facer un recorte de ingresos de máis de seiscientos mil euros pode ser unha insensatez, unha irresponsabilidade, un atrevemento.

O voceiro do BNG di que deberían de pelexar por devolver as taxas do IBI ao nivel no que estaban, que os programas electorais están para cumprilos e é un compromiso que adquiriron pero que non se pode facer de maneira non xustificada e sen que os números estean cadrados, con profundidade, e convida ao grupo de goberno a que o ano que vén se faga, que este ano xa non se pode. Expresa o seu desexo de que para o ano veña cadrado, listiño e se poida resolver.

A Sra. alcaldesa contesta que ante a afirmación de que non queren baixar o IBI, que se non fora así, non o levarían ao pleno nin a súa proposta nin a moción do Partido Popular. Que no anterior mandato para poder debater unha moción sobre o IBI tiveron

que acudir á xustiza. Que neste pleno se vai tratar unha baixa do IBI en dous puntos, un a súa proposta, cumprindo coa súa promesa electoral, aínda que non como lles gustaría, e outro a proposta do PP.

Continúa dicindo que con respecto á subida de impostos, na comisión informativa xa explicaron que non. Que consideran posible a baixada e le a proposta que lle trasladaron ao interventor na que falaba da eliminación da partida de asesores. Explica que non minte cando di que se gastaron máis 100.000 euros anuais e que hai facturas para ver e comprobar: unha partida completa de 77.000 euros para asesores e outra de máis de 30.000 e de máis de 40.000, que tiraba doutra partida do mesmo grupo. Gasto que se pode e se vai recortar.

Continúa dicindo que tamén comentaron que se revisaría o Padrón de edificios para a incorporación de novos edificios na taxa de saneamento. E que se revisaría o cobro da cota variable do canon de saneamento e explica que neste imposto hai unha cota fixa e unha variable que non se está cobrando. Que no mandato anterior se fixo a revisión da taxa de saneamento e só hai que aplicar a ordenanza do anterior mandato. Explica que se trata de que todas as vivendas que teñan servizo de saneamento paguen por este servizo e igualmente revisar o Padrón da recollida de lixo.

Di que se pretende que os impostos sexan máis xustos. Que non haxa impostos abusivos como o da contribución. Que levan anos dicindo que é un abuso o que se fixo coa subida dobre do IBI, subida dos valores catastrais pola ponencia de valores e a subida do tipo.

Segue a súa intervención dicindo que estas subidas foron posibles polo empeño da anterior alcaldesa e do grupo Popular, que cando lle parecía faltaba un aos plenos para que a puideran aprobar. E que se alegra da postura tomada agora polo Partido Popular.

Que no que se refire ao Plan de axuste, que efectivamente votaron a favor porque impuxeron que había que adoptar unha serie de medidas como a redución do gasto dos membros do goberno e redución de gastos en asesorías e recorda tamén que renunciaron a cobrar polas asistencias aos plenos, que iso tamén formaba parte do plan de axuste. Que puxeron tamén a condición de que os impostos que se subían eran os que obrigaba o decreto de decembro de 2012 e logo que se revisaría algúns outros, como así se fixo. No caso do IBI subíase por decreto do PP, non pola corporación de Muros, logo a anterior alcaldesa, como esa subida era temporal, quixo asegurarse de que esa subida se mantivera no tempo e empeñouse en subilo tendo que facer uso do seu voto de calidade para que se fixera efectiva.

En canto aos orzamentos, refírese ao comentario da Sra. González cando di que puxeron o que quixeron porque non cadraban os números e explica que non, que iso era o que fixo ela cando aprobou os orzamentos do 2015, en máis dunha ocasión, ocultando un préstamo e poñendo un ingreso de 500.000 € de Espina&Delfín que sabía que non se ía a ingresar, que tamén se puxeron ingresos por ese concepto no orzamento do 2014, que hai unha negociación, que hai discrepancias entre a mancomunidade e a empresa, que vai acabar no xulgado. Que a cousa non é tan doada porque se non, xa no 2014 habería ingresos por ese concepto e non os houbo porque é difícil chegar a un acordo.

Con respecto á transparencia que non vai nin contestar porque despois do que se viviu co goberno socialista é máis que evidente onde había transparencia.

Pregunta se lle molesta que tiveran reunións coa veciñanza, que non contaban con locais públicos por iso estaban coa veciñanza nos bares. E que van seguir reuníndose con eles.

Para rematar di que a proposta é seria e responsable, que entenden que ten que haber impostos, pero xustos e iso é o que pretenden, e que desde logo CxG e o goberno van facer o posible porque o IBI baixe. Que lles gustaría que fora de golpe pero que non poden. E teñen claro que non van tocar o gasto social.

Dá paso á votación:

A favor: 3 CxG , en contra 8 (4 PP e 4 PSOE) , abstencións 2 BNG

3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IBI.

A portavoz do Grupo Popular dá lectura á moción:

*“A voceira/concelleira do Partido Popular, Inés Monteagudo Romero, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IBI:***

-O artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que o tipo de gravame mínimo e supletorio para o Imposto de Bens Inmóbles será do 0,4% para inmóbles urbanos e 0,3% para rústicos, que era o que se viña aplicando no Concello de Muros ata o ano 2011, no que o Real Decreto Lei 20/2011 aprobou para os exercicios 2012 e 2013 un incremento do 10% nos tipos, non podendo ser inferiores ao 0,5% en 2012 e ao 0,6% en 2013 para inmóbles urbanos.

No Pleno celebrado o 27/06/2013 a corporación muradana aprobou a modificación dos tipos impositivos da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles, confirmando o tipo de IBI de urbana fixado polo RDL 20/2011 no 0,6 e subindo o de natureza rústica do 0,3 ao 0,6, mantendo no 1,30 os de inmóbles de características especiais. Así modificouse o artigo 8 da ordenanza, fixando o tipo aplicable a bens de natureza urbana e rústica nun 0,60%.

A medida de incremento do IBI, establecida no RDL 20/2011, foi prorrogada para os exercicios 2014 e 2015 en diversas disposicións. Para o próximo exercicio 2016 existe a posibilidade legal de diminuír eses tipos, que resultan moi gravosos para as economías familiares deste concello, tendo en conta ademais que os valores catastrais que se aplican a partir do 2014 están actualizados, aínda que a súa aplicación sexa gradual. Ademais a repercusión desta baixada nos orzamentos para o exercicio 2016, que aínda non empezaron a tramitarse, será en parte paliada polo incremento dos valores nos próximos anos e o proceso de regularización catastral.

Polo tanto, propoñemos ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Modificación do art. 8 da Ordenanza nº 11, reguladora do IBI, fixando o tipo impositivo nun 0,4% para os bens de natureza urbana, en un 0,3% para os de natureza rústica. O novo tipo será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2016.

Ademais, segundo o disposto no artigo 74 da LRFL, no que se indica que se poderá regular unha bonificación de ata o 90% da cota íntegra do imposto a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa e de ata o 50% da cota íntegra do imposto para os bens inmóbles nos que se teñan instalado sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, iniciaranse os trámites para determinar a clase e características dos bens inmóbles aos que afecten estas bonificacións, duración, contía e outros aspectos substantivos e formais da bonificación, así como a compatibilidade con outros beneficios fiscais, a efectos de aplicala no noso concello.”

A Sra. Monteagudo explica que presentaron a moción o 16 de novembro, que aínda que non sabían exactamente os prazos parecían moi apresurado e que mesmo a Sra. alcaldesa dixera que se era necesario se faría un pleno extraordinario, e que confiaban en que alguén se decatara disto, se é que existía vontade real. Que o certo é que resulta difícil de crer que esa vontade exista. Que non se entende, que se ten que entrar en vigor o un de xaneiro de 2016, que presenten unha proposta inconcreta e incompleta e que aínda que a Sra. alcaldesa fai referencia ás notas e aos correos que lle mandaba ao interventor, ten que entender que o que se está tratando é a proposta que teñen á vista e que nela non se fala nada diso.

A Sra. González di que é certo o que di o Partido Popular e que todo que di Sra. alcaldesa que non se pode ver na proposta.

Continúa dicindo que a proposta do Partido Popular está clara e non deixa lugar a dúbidas. Explica que os valores catastrais non dependen do Concello de Muros, que dependen do decreto do Sr. Rajoy. Que como pon na proposta do PP, ata o 2016 non se podían baixar os tipos do IBI e que eles cumpren a lei.

Que a moción do PP caeu pola incompetencia do goberno do Concello porque se o día 1 non está publicada a modificación, non pode ser, porque o goberno do Concello de Muros dedícase a outra cosa.

Reitera que o IBI do Concello de Muros era o imposto máis xusto para toda a veciñanza. Que as cousas hai que facelas ben e en prazo. E que os temas como a baixada do IBI e os orzamentos hai que debatelos no Pleno da Corporación. Que a moción do PP decae porque non se pode aplicar no 2016, ao que contesta a portavoz do Grupo Popular que se pode aplicar a partir do 2017, polo que a Sra. González insiste en que entón habería que cambiar a moción.

En relación aos comentarios da Sra. alcaldesa das propostas feitas por CxG (que nese momento non existía ese partido no concello senón que eran Non Adscritos), que non foron eles, que foi o Partido Popular quen propuxo non cobrar as asistencias aos plenos.

Continúa dicindo que sinte que se fixeran as cousas desa maneira e que a ver se a próxima vez se fan as cousas en prazo e lle dediquen un pouquiño de tempo.

O Sr. García di que están de acordo en poñer o IBI no 0,4 e 0,3 pero que a moción lle pasa o mesmo que a proposta do goberno, que non soluciona a cuestión económica, a mingua que se vai producir pola redución do IBI, como se vai compensar. Que entendían que vería explícito e de forma exhaustiva na proposta que fixo o goberno.

Na segunda rolda de intervencións a portavoz do Grupo Popular insiste en presentar a moción porque entenden que esa mesma proposta pode entrar en vigor a partir de xaneiro de 2017 e que non é traballo dun grupo da oposición detallar como se vai facer xa que non teñen a información. Que é traballo de Intervención, da Secretaría e dos órganos técnicos do Concello. E remata dicindo que a presentaron con tempo suficiente para que se fixera.

A Sra. González insiste en que na moción do Grupo Popular di que se leve a cabo no ano 2016 e que é imposible.

O portavoz do BNG di que efectivamente non é labor do PP dicir como se vai facer pero si sería irresponsable aprobar xa o tipo sen ter un plan de axuste.

A Sra. alcaldesa di que despois de tres anos loitando pola baixada do IBI, non vai ser a responsable de que non se faga e explica que a moción do PP se sae adiante significará ter que modificar a ordenanza. Que aprobar a moción non significa aprobar automaticamente a ordenanza. Que no último parágrafo fala dunhas modificacións que habería que concretar. E que sería necesario un informe de Intervención e Secretaría. Que non se fixo porque necesita concretar como serían as bonificacións. (Interrompe a portavoz popular para aclarar que é o que se pide na moción, que se fagan os trámites da modificación da ordenanza e que se faga ese estudo).

A Sra. alcaldesa insiste que terá que concretar as bonificacións as que fai referencia o último parágrafo da moción para poder facer o informe de Intervención. Que é iso o que lle din desde Intervención. Pero que CxG non vai ser quen impida que se baixe a contribución.

Responde a portavoz do Grupo Popular que pode que a redacción da moción induza a erro, pero que o que piden é a modificación do artigo 8 da ordenanza e que ademais se clasifiquen os bens inmobles aos que podería afectar esas bonificacións. Que se baixe o IBI e que se faga un estudos dos inmobles que poderían estar afectados por esas bonificacións.

A Sra. alcaldesa explica que foi o que entenderon eles e Intervención e que foi o motivo polo que non podía redactar un informe.

A Sra. Monteagudo pregunta se o interventor accidental estará facultado para facer ese tipo de informe e expresa as súas dúbidas.

A Sra. alcaldesa explica que o de ter un interventor accidental non está na súa man arranxalo e que de todos xeitos fai continuas consultas á Intervención da Deputación, que é bastante cauto.

Pide un receso para falar cos seus compañeiros e inmediatamente despois dá paso á votación.

Votación: 7 votos a favor (4 PP e 3 CxG) e 6 abstencións (4 PSOE e 2 BNG).

Insiste a Sra. alcaldesa que o que se aproba non é unha modificación inmediata da ordenanza. Que se inician os trámites para facelo e que se vai facer todo o posible para conseguilo.

Acordo: Queda aprobada a moción presentada polo Grupo Popular en relación á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IBI.

4.- MODIFICACIÓN DO HORARIO DOS PLENOS ORDINARIOS.

A Sra. alcaldesa dá lectura á proposta:

“O Pleno da Corporación celebrado o 9 de xullo de 2015 acordou, en cumprimento do art. 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local “que o Pleno do Concello de Muros celebre as súas sesións ordinarias mensualmente, o último xoves de cada mes ás 21:00 horas, e se algún destes días cadra en festivo, trasladaranse á véspera ou ao día seguinte á mesma hora. Nos meses de agosto e decembro non haberá sesións ordinarias do Pleno do Concello”.

No pasado pleno ordinario do 29 de outubro de 2015 varios/as concelleiros/as solicitaron o cambio de horario, de 21.00 horas a 20.30 horas, expresando os demais a súa disposición favorable.

Polo que se propón ao Pleno da Corporación a modificación do acordo plenario do 9 de xullo de 2015, e aprobar a hora dos plenos ordinarios, que se celebran mensualmente o último xoves de cada mes ás 20.30 horas.”

Na rolda de intervencións todos os grupos expresan a súa conformidade.

Votación: Unanimidade.

Acordo: Apróbase a modificación da hora dos plenos ordinarios, que se celebran mensualmente o último xoves de cada mes ás 20.30 horas.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

Le a moción a concelleira do Grupo Popular D^a. Alianza Uhía Patiño:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

O Grupo Municipal Popular de Muros, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta moción:

A violencia de xénero é a máxima consecuencia dun sistema baseado no sexismo e na desigualdade de mulleres e homes. A escola pode contribuír á transformación de relacións de poder entre o alumnado realizando os cambios necesarios para asegurar unha socialización igualitaria que respecte a diversidade de identidades existentes e permita o desenvolvemento persoal tanto das alumnas coma dos alumnos.

A escola é un lugar privilexiado para iniciar grandes transformacións, non obstante, ela soa non pode abordar esta tarefa. Necesita a colaboración máis formal doutras institucións e axentes sociais, así como o apoio directo da súa comunidade educativa máis próxima.

Todas as formas de violencia de xénero, nas súas diferentes manifestacións, aliméntanse dos mesmos problemas de valores, dos mesmos estereotipos caducos e dos mesmos mitos enganosos e que desgraciadamente a poboación máis nova parece estar reproducindo de maneira preocupante ese sexismo e eses estereotipos de xénero que criamos erradicados.

Ante esta situación temos que seguir actuando con medidas específicas. E, sobre todo, a xuventude e a poboación adolescente deben contribuír de xeito singular á fin da violencia contra a muller, sendo necesario que os mozos e as mozas identifiquen e rexeiten condutas sexistas que ás veces, se toleran ou xustifican.

Por tanto, propono ao Pleno do Concello de MUROS a aprobación dos seguintes acordos:

1. O Concello de Muros comprométese a levar a cabo actuacións de coeducación en colaboración cos centros educativos do municipio enfocadas á prevención e sensibilización da violencia de xénero entre o alumnado.

2. O Concello de Muros insta á Xunta de Galicia a elaborar un plan de Igualdade no ámbito educativo, co obxectivo de que sirva de referente a toda a comunidade educativa en materia de coeducación e prevención da violencia de xénero, dende unha perspectiva estrutural, integral e transversal.”

A voceira do grupo Socialista expresa o seu acordo coa moción, sempre e cando, como puxo de manifesto na comisión informativa, se inclúa unha emenda para instar á Xunta de Galicia a recuperar a subvención do CIM do Concello de Muros a como estaba hai dous anos.

A Sra. alcaldesa fala do xa comentado na comisión informativa da procedencia de presentar emendas non seu prazo e por escrito e que é o Partido Popular quen debe aceptarlhas.

Responde a Sra. González que se poden presentar por escrito no Pleno. E logo di que non ten que ser por escrito e que sexa o Partido Popular quen decida se a quer ampliar ou non.

A voceira popular di que xa na comisión informativa dixo que a súa moción lles parecía completa e que non trata de incidir nos recursos do CIM ou doutros servizos, senón que se trata de instar á Xunta a que elabore un plan de igualdade no ámbito educativo, que por suposto irá dotado cos recursos necesarios que porá a Xunta. Que no que inciden é nunha situación preocupante, que se vén detectando desde hai tempo na xuventude, de que non identifican o acoso, o control, celos desproporcionados, con actuacións de violencia e o que pretenden é que se elabore un protocolo no que tamén participe o Concello no ámbito educativo para poñer de releve estas situacións.

A Sra. Uhía Patiño pide intervir e expón que de todos os xeitos no punto 2 instan á Xunta de Galicia a elaborar un plan polo que de levarse a cabo a financiación correría ao seu cargo.

Pregunta a Sra. González se sería a Xunta a que correra co gasto e insisten as concelleiras do Grupo Popular en que se a Xunta elaborara o Plan, que si.

Segue a voceira socialista dicindo que no punto 1 piden que o Concello leve a cabo actuacións en colaboración cos centros educativos e que todo ten que ir dotado dunha achega económica. Que non significa que eles vaian votar en contra porque están de acordo con ela, pero cren que non é suficiente que non está de máis instar á Xunta de Galicia a que nesa parte municipalista dote ao Concello de recursos económicos para aliviar a carga económica.

A Sra. Monteagudo di que as necesidades son sempre infinitas e os recursos son sempre escasos, pero que simplemente a moción incide no ámbito educativo e que sería ideal que o CIM, etc., tiveran unha dotación suficiente pero que do que falan é de incidir no ámbito educativo.

A Sra. González volve a insistir no mesmo.

O voceiro do BNG di que están de acordo coa moción do grupo Popular se ben entenden que no ámbito da educación existe unha cuestión legal que é a segregación por sexos, cousa que incide gravemente no tema do machismo e que debería intentar legislar para rematar coa segregación. Piden engadir dúas emendas á proposta do PP: Que o Concello de Muros inste á Xunta de Galicia a eliminar subvencións públicas a colexios que segreguen por sexo e que o Concello de Muros inste ao goberno central a que legisle para rematar coa segregación por sexos no ámbito escolar.

A Sra. alcaldesa di que como o goberno actual ten que facer todo polo libro, que unha vez comprobado que as emendas deben ser presentadas por escrito antes de que empece o debate, que o sinte pero que non poden incluílas.

Continúa dicindo que CxG está de acordo coa moción e que teñen especial interese en traballar cos centros escolares e que este é un tema moi importante. Que efectivamente se podían pedir moitas máis cousas pero que están de acordo coa moción.

A Sra. González expresa o seu total acordo coas propostas do BNG e sinte que non poidan recollerse.

O Sr. García anuncia o seu voto a favor da moción do PP aínda que non se inclúan as súas emendas e invitan ao grupo Popular a que comunique á Xunta que á hora de elaborar o Plan de igualdade se contemple que dentro do plan se valore o tema da eliminación da segregación por sexos. Ao que contesta a voceira do PP que non hai ningún problema.

A Sra. alcaldesa manifesta o seu acordo coas propias do BNG e mostra a súa disposición de facerlle chegar á Xunta ese recado.

Fai unha puntualización a Sra. Monteagudo sobre os orzamentos da Xunta para este ano nos que si que se incrementan.

Votación: unanimidade.

Acordo: Apróbase a moción presentada polo grupo Popular sobre a violencia de xénero.

6.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Dáse conta das resolucións da Alcaldía, número 645 ao 747. E das Xuntas de Goberno Local números 28, 29, 30, 31 e 32.

B .-Parte de control dos órganos de goberno.

7.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

O Grupo Socialista presenta dúas.

A primeira “Moción para instar aos gobernos de España e da Xunta de Galicia a incluír a vacina conta a meninxite – B no calendario vacinal.”

A portavoz socialista dá lectura á moción e xustifica a urxencia.

Votación da urxencia: a favor 4 do PSOE e 9 en contra do resto dos grupos.

Ao non ser aprobada a urxencia da moción, non se debate.

A segunda: “Moción que presenta o grupo municipal socialista do Concello de Muros para reducir o IVE cultural”

A portavoz socialista dá lectura á moción e xustifica a súa urxencia:

Votación da urxencia: a favor 4 do PSOE e 9 en contra do resto dos grupos.

Ao non ser aprobada a urxencia da moción, non se debate.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

A voceira do grupo popular:

- Xa que o 18/12/2015 remata o prazo de presentación dos plans da Deputación POS e PAS, e consideran o saneamento unha prioridade debido a incidencia de vertidos na praia da Virxe do Camiño, que saben que tamén se vai presentar o Plan Principal de Medio Ambiente, polo que preguntan cándo se van a tratar eses asuntos.

Contesta a Sra. alcaldesa que nun pleno extraordinario antes do 18/12, coa comisión informativa correspondente e a documentación que procede e que comparten a súa preocupación polo saneamento.

-Roga que sexa nun horario ao que poidan asistir todas as persoas. Ao que contesta a Sra. alcaldesa que non hai ningún problema en poñelo cando todos os grupos consideren máis apropiado. Concretan que calquera día da semana a última hora da tarde sería o máis apropiado.

-Pregunta pola data de remate do convenio do GES.

Contesta a Sra. alcaldesa que o 31 de decembro.

-Pregunta se hai algunha previsión ao respecto.

Contesta a Sra. alcaldesa que non, que enviaron un borrador de convenio para prorrogar tres anos máis, pero só é un borrador.

-Pregunta se ten que levarse a pleno ao que lle contesta a Sra. alcaldesa que pensa que non.

-Pregunta se o Concello presentou alegacións ao Plan de uso de Portos.

Contesta a Sra. alcaldesa que remata o prazo o día 30 e que están as alegacións preparadas, que só falta que un técnico municipal lle dea o visto e prace.

- Que supón que as alegacións irán no mesmo senso que o que xa falaron co Presidente de Portos na súa visita.

Contesta que efectivamente. Que vai no mesmo senso que as consideracións que se fixeron na visita co presidente de Portos: aparcadoiro, posibilidade de realizar actividades culturais e festivas, atracar embarcación de visitantes e engadimos que no ataque portuario inclúa dous pantaláns para ataque de embarcacións tradicionais. Que pediron informe á empresa que redactou o Plan Xeral, Oficina de Planeamento, para mellorar as alegacións e tendo en conta o de que "Muros Mira ao Mar". Que tal como está entraría a posibilidade de que se puideran construír almacéns dentro do porto que impedirían que Muros deixara de mirar ao mar.

-Qué pasa, co que xa lle comentamos, sobre a limitación do espazo portuario, de retirar a liña ata o peitoril e que deixaran libres os espazos de acceso á lonxa vella. Que iso foi o que se falou co presidente e que logo ela o falou con algún técnico de Portos.

Contesta a Sra. alcaldesa afirmativamente.

- Se desde que tomaron posesión do goberno municipal teñen solicitado algunha subvención ou financiamento para o Concello.

Contesta a Sra. alcaldesa que saíron todas as da Deputación e que están traballando nelas, que hai para Servizos Sociais, Cultura, Deportes, etc. Que van pedir todas as que saian sempre que sexan para satisfacer necesidades do Concello. Que non van a pedir subvención só polo feito de que se convoquen, sobre todo se hai que facer achegas do Concello.

A voceira do grupo socialista:

- Pregunta que se poden repetir a pregunta do Partido Popular, que non a entendeu ben.

Responde a Sra. alcaldesa que non.

-Por qué non se levou a pleno a moción do PSOE, que presentou o 29/10/2015, cando a Sra. alcaldesa dixo que si que non había ningún problema.

A Sra. alcaldesa contesta que ten que seguir o procedemento.

-Pregunta por qué o dixo entón.

Reitera a Sra. alcaldesa que ten que seguir o procedemento.

- Pregunta polo permiso de Portos que tantas veces solicitou por escrito.

Contesta a Sra. alcaldesa que xa o terá.

-Pregunta polo informe que dixeron que lle fan dar do tribunal de selección de socorrista.

A Sra. alcaldesa di que cando o teña, que llo dará.

-Sobre a petición dun informe técnico que explique que a modificación do proxecto da piscina é debido a que no proxecto inicial non estaban feitos os cálculos.

A Sra. alcaldesa dálle un informe, que a portavoz do grupo socialista di que non é o que piden e a Sra. alcaldesa insiste en que si é.

-Por qué non se fixo un pleno extraordinario para tratar as alegación a Portos, cando dixo que se ía facer.

A Sra. alcaldesa di que xa o grupo socialista presentou as súas propias facéndose eco na prensa.

-Por qué non se gravou o pleno extraordinario da constitución de mesas electorais.

Contesta a Sra. alcaldesa que foi un pleno de trámite.

-Pregunta senón se van gravar todos.

Contesta que si

-Pregunta por qué ese non.

Reitera que era de trámite.

-Que pasa coa luz pública da subida de Serres.

A Sra. alcaldesa di non ter coñecemento de que falla a luz pública de Serres e pregunta ao concelleiro, Sr. Quintela, se el ten coñecemento e este responde que non.

-Qué pasa coa acta do 24 de agosto, onde se aprobaron os soldos, se se está modificando.

Di a Sra. alcaldesa que quedaron en que os grupos se reunirían coa Secretaría para concretar o que estaba mal ou faltaba para que el o incluía se lle parecía ben.

-Se viña igual.

Si

-Qué pasa cos colectores soterrados. Qué pasou nos últimos seis meses.

Contesta que o mesmo que pasaba o ano e pico que estiveron enterrados e sen funcionar.

-Que non lle deu o horario da Policía Local.

Ao que responde a Sra. alcaldesa que o esqueceu.

-Comenta que non lle deu nin o horario da Policía, nin o permiso de Portos.

A Sra. alcaldesa di que lle dará o horario da Policía Local no que poderá comprobar que nas gardas de noite xa non hai un auxiliar de policía só.

-Pregunta se se pode comprobar no horario que de domingo a xoves se non hai gardas de noite..

Responde que si.

-Se foi a Sra. alcaldesa, se dou ela esa orde.

Contesta que se está a cumprir o convenio do persoal traballador do Concello de Muros.

-Sobre o convenio do GES, afirma que si chegou.

Di a Sra. alcaldesa que un borrador.

-Cal é o problema?

Contesta que non hai.

- Di que é exactamente o mesmo que se asinou na súa creación.

Contesta que non é exactamente o mesmo. Que hai algunha variación. Que inclúe o problema das vespas velutinas. Que non vai haber ningún problema porque o goberno municipal quere que sega funcionando o GES.

-Que pasou coa partida que deixaron no orzamento para o programa de xestión interna pola transparencia. Contrataron o programa, fixeron o curso, etc.?

Contesta que se publican as actas aprobadas dos plenos na páxina do Concello, grávanse as sesións plenarias e emítense en directo a través de internet e ademais estase xestionando coa Deputación a posta en marcha do portal de transparencia e séguese traballando coa administración electrónica. Que non van gastar cartos na contratación dunha empresa privada cando pode prestar eses servizos a Deputación.

-Pregunta se a Deputación vai poñer en todos os concellos un programa de xestión.

Contesta que si e explica que está en distinto nivel de avance nos diferentes concellos.

-Por que non se publican tamén as Xuntas de Goberno?

Responde que as publicarán en canto non haxa problemas cos datos de carácter persoal.

-Por que non se publicaron na páxina do Concello os prazos e convocatoria da contratación de socorristas?

A Sra. alcaldesa di non estar informada.

-Roga que se informe porque vai volver a preguntar no vindeiro pleno.

- Que xa que dixo que ela era a responsable do ficheiro de protección de datos onde se recolle a autorización de gravación dos plenos, cal é o número do protocolo?

-Que se llo vai traer ao próximo pleno?

Que xa llo dará.

-Se os van convocar para falar dos proxectos do POS e PAS ou se van presentar para a súa aprobación sen falar con ninguén. Se van reunirse para que cada grupo dea a súa opinión dos sitios que lle interesarían.

A Sra. alcaldesa respóndelle á portavoz socialista que vai haber diferenza co que pasaba na anterior lexislatura.

-Se non pensan modificar o orzamento para seguir cobrando, xa que non cumpren coas bases de execución do orzamento.

Responde que se está a facer o mesmo que nos outros mandatos, pero que ao mellor ten razón en ter que revisar todos os soldos, incluso por vía xudicial.

-Pregunta se miraron o orzamento do 2014. Que dicían as bases de execución sobre os soldos do goberno.

Di que se fixo o mesmo que antes, que nunca se cambiaron as bases de execución cando se aprobaban as retribucións do goberno.

-Roga que revisen as bases de execución dos anos anteriores porque foi a primeira vez na historia do Concello, por indicación de Intervención, que se cuantificaron os soldos do goberno. Que lle roga que os mire e non diga babadas.

A Sra. alcaldesa advirte á Sra. González por primeira vez polo vocabulario que utiliza.

-A Sra. González acusa á Sra. alcaldesa de dicir cousas que non son verdade.

Contesta que as persoas que están vendo o Pleno o valorarán e pídelle que siga cos rogos e preguntas.

- Sobre Espina&Delfín, como está o tema. Cando remata o contrato?

Contesta que cre recordar que en abril de 2016.

-Que se sabe da débeda de Espina&Delfín?

Que fixeron unha reunión coa empresa e que están a falar sobre a prórroga ou non e da débeda.

-Pregunta se non lle notificaron á empresa o remate do contrato, porque lle parece que non están en prazo.

Contesta que xa o notificará e que si están en prazo.

-Se sabe que se non se lle notificou quedaría prorrogado por cinco anos. E se fixeron os números sobre a débeda.

Que están traballando no tema da débeda.

-Canto é a débeda a día de hoxe?

Contesta que non a sabe de memoria.

-Na sesión da Xunta de Goberno Local do 28 de agosto de 2015, xa manifestaran que era nula, pois había só dous concelleiros, e que se fixo con ela.

Contesta que nada, porque os técnicos do Concello din que non é nula.

-Se hai un informe por escrito.

Di que non.

-Se o poden pedir e pídeo ao contestar a Sra. alcaldesa que si pode.

-Roga que por favor se lles dea o que están pedindo.

O voceiro do BNG

-Pregunta se hai algún avance concreto na dotación de ADSL por cable e na instalación dun novo repetidor de televisión en Abelleira.

Contesta a Sra. alcaldesa que concreto nada.

-Anuncia que van poñer en marcha algún mecanismo para intentar que se solucione.

Antes de rematar o Pleno a Sra. Maneiro Pais, do grupo Socialista, le un manifesto do día contra a violencia de xénero 2015.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión do Pleno da Corporación sendo as vinte e tres horas e trinta e oito minutos. Dou fe.